

**Orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.**

## **MEDIDAS RELATIVAS Á HIXIENE DOS CLIENTES NO INTERIOR DE ESTABLECEMENTOS E LOCAIS E NOS MERCADOS AO AIRE LIBRE OU DE VENDA NON SEDENTARIA NA VÍA PÚBLICA.**

1. O tempo de permanencia nos establecementos e locais será o estritamente necesario para que os clientes poidan realizar as súas compras ou recibir a prestación do servizo.

2. Os establecementos e locais, así como os mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública, deberán sinalar de forma clara a distancia de seguridade interpersoal de dous metros entre clientes, con marcas no chan, ou mediante o uso de balizas, cartelería e sinalización para aqueles casos nos que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo, que non poderá realizarse de maneira simultánea polo mesmo traballador.

3. Os establecementos e locais deberán poñer ao dispor do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, en todo caso na entrada do local, que deberán estar sempre en condicións de uso, sendo recomendada a posta ao dispor destes dispensadores tamén nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.

4. Nos establecementos e locais comerciais, así como os mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública, que contén con zonas de autoservizo, deberá prestar o servizo un traballador do establecemento ou local ou mercado v ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública co fin de evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.

5. Non se poderá poñer ao dispor dos clientes produtos de proba non destinados á venda como cosméticos, produtos de perfumería, e similares que impliquen manipulación directa por sucesivos clientes.

Así mesmo, non se poderán colocar nos establecementos comerciais produtos de telecomunicacións para uso e proba dos clientes sen supervisión dun vendedor ou traballador que de maneira permanente poida proceder á súa desinfección inmediata tras a manipulación por parte de cada cliente.

6. Nos establecementos do sector comercial téxtil, e de arranxos de roupa e similares, os probadores deberán utilizarse por unha única persoa, despois do seu uso limpanse e desinfectarán.

No caso de que un cliente se probe unha peza que posteriormente non adquiera, o titular do establecemento implementará medidas para que a peza sexa hixienizada antes que sexa facilitada a outros clientes. Esta medida será tamén aplicable ás devolucións de pezas que realicen os clientes.

**A Policía Local incrementará a vixianza na recollida de lixo de cada posto, polo que cada feirante deberá cumprir...**

BOP n° 211 de data 4 NOVIEMBRE 2002

Reglamento dos Mercado de Abastos do Concello de Cambados:

Artigo 9

a) Manter en bo estado de conservación, hixiene, limpeza e iluminación adecuada o posto da concesión.

c) observar e cumpri-las ordes que o persoal encargado do Concello lle dicte, por delegación de alcaldía.

k) calquera outro deber que se acorde polo Concello ou se estableza legalmente.

